

A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE PROMOVE UNHA NOVA CAMPAÑA NO POLÍGONO DE AGRELA

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) desprazará unha unidade móbil ata o coruñés Polígono de Agrela o mércores 27 e o xoves 28 de maio. A unidade móbil, que estará estacionada na Rúa Gambrinus diante da Farmacia Agrela, atenderá a todas as persoas que desexen doar das 09:30 ás 14.30 horas.

As unidades móbiles da Axencia comezaron a visitar o Polígono de Agrela no ano 1998 e teñen desenvolvido 21 campañas de doazón, acadando un total de 346 doazóns de sangue.